

Centro Galego de Arte Contemporánea



O Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), a carón do Museo do Pobo Galego, foi deseñado polo arquitecto portugués Álvaro Siza Vieira. Unha construción que cumpre agora 15 anos e que é xa unha das referencias arquitectónicas e artísticas esenciais da cidade compostelá. Un centro público de carácter autónomo que polariza a súa programación en exposicións temporais arredor das diferentes manifestacións artísticas contemporáneas dende finais dos anos sesenta ata hoxe.

Ademais das exposicións, o CGAC conta cun servizo de actividades e proxectos educativos, que ofrece un programa de accións dirixido a diferentes tipos de público e ten como obxectivo acercar múltiples visións da arte e, polo tanto, diferentes xeitos de achegamento á creación artística. O servizo educativo actúa de ponte entre o CGAC e os seus públicos, ou o que é o mesmo, entre os contidos da institución (as exposicións) e a experiencia, bagaxe, cultura visual, expectativas... coas que chegan os usuarios ao CGAC.

O que ofrece

Dentro da programación que desenvolve este servizo hai unha gran diversidade de accións que varían en función de múltiples factores, como a idade do público ao que se dirixe, as exposicións e contidos artísticos coas que se relaciona, a formación dos destinatarios... todo o que se traduce en propostas, como ciclos de conferencias, de cine e vídeo-creación; xornadas, seminarios, talleres de artista, talleres para o tempo de lecer e, xa dentro do ámbito educativo, que vai dos tres aos dezoito anos, ofértanse tamén visitas e obradoiros didácticos, programa de aproximación á arte contemporánea para as escolas, ou conversas con estudantes. É precisamente o público deste ámbito, orientado polos docentes, un dos que máis visita o CGAC e os museos, en xeral, buscando ampliar a formación cultural dos alumnos e alumnas.

Por que se debe visitar un centro de arte contemporánea?

Eisner, no seu libro, *Cómo se produce el aprendizaje artístico*, sinala que nas artes visuais os nenos e as nenas desenvolven expectativas para a forma visual, a miúdo a partir das imaxes dos libros nos que aprenden a ler, e do tipo de arte que hai no seu contorno (a casa e a comunidade). Estas formas de arte inflúen no xeito en que o neno concibe a expresión artística e, polo tanto, pasan a converterse na súa estrutura de referencia. Eisner mantén que, se un neno ou unha nena nunca viu arte abstracta ou non figurativa, se a súa concepción da arte se limita a formas que imitan a natureza, resultaralles difícil, en principio, poder apreciar a obra abstracta ou non figurativa. Así que, o que un neno aprende débese, en gran parte, ao que ten posibilidade de experimentar.



Se levamos esta formulación ao museo, entendemos que a visita, moitas veces única nun amplo treito de idade, e curta, xa que non dura máis dunha hora e media, ten que ser transformadora e converterse nunha experiencia significativa.

A arte contemporánea reflicte o mundo no que vivimos dende os ollos polos que mira cada artista, polo que pon nos nosos sentidos a oportunidade de observar, cuestionar ou comprender mellor o noso contorno. Igual que o individuo e a relación co seu arredor son complexos, tamén a arte o é na mesma medida. Pero para a comunicación coa arte cómpre achegarse á súa linguaxe, poder dialogar con ela, facernos preguntas diante das obras, crear a nosa propia dinámica de relación e poñela en práctica en todos os ámbitos, xa que a arte non está só nos museos, está na vida. Este é o obxectivo das visitas, buscar os camiños polos

que podemos indagar mediante o diálogo preguntándonos cal é a nosa relación co obxecto que temos diante. A visita convértese así nunha ferramenta que serve de ponte para a comunicación entre o grupo e a obra.

Aproximar o alumnado á arte contemporánea

Somos conscientes de que a relación coa arte contemporánea leva consigo un cambio no rol do espectador. Se a sociedade e arte cambiaron, tamén nós como espectadores mudamos o xeito de relacionarnos coas obras. Está é a razón que nos levou a deseñar o Programa de aproximación á arte contemporánea. Pensado para ser desenvolto no terceiro ciclo de educación primaria, é gratuíto e poden acollerse a el todos os profesores e profesoras que o desexen. Naceu co fin de crear unha ferramenta que permita utilizar as artes visuais dun xeito transversal, incluso a aqueles profesores e profesoras que non posúen unha formación específica.

Así, mediante o debate na aula que xorde da proxección de diferentes obras de artistas contemporáneos, dialógase sobre o que se ve. *A priori*, o importante é acostumarnos a pensar e falar sobre o que vemos, algo que non ocorre a miúdo, estimulando así a observación, a linguaxe, a relación co gru-

po... Estas sesións de debate a partir de catro ou cinco imaxes, teñen a duración dunha sesión de clase. Cada unidade complétase tamén cunha ampla proposta de actividades que lle permite ao profesor afondar, dun xeito máis práctico, en ideas e conceptos relacionados coas obras, tentando achegar os alumnos e alumnas aos procesos de creación contemporánea. Non se trata tanto de aprender sobre arte senón de como empregar a arte para aprender.

Da mesma maneira que é importante que os nenos e as nenas se acheguen á arte dende idades temperás, tamén o é profundar na busca de estratexias que posibiliten traballar a educación dende un punto de vista artístico e ofrecérllelas aos docentes. Así, ao longo do curso 2008-2009 desenvólvense diferentes propostas dirixidas ao profesorado. A primeira no mes de novembro. Volveremos contar coa experiencia de Amelia Arenas que impartirá dous seminarios: un dirixido a profesionais de museos e o outro a mestres de educación primaria. Amelia Arenas é historiadora da arte, escritora, comisaria independente e asesora museística, e vén desenvolvendo un intenso labor investigador no eido da educación artística dende que dirixira o servizo educativo no MOMA de Nova York. Esta bagaxe dálle unha ampla perspectiva sobre a complexidade do fenómeno da percepción da arte por parte dos públicos, das súas respostas ante as obras, o que a levou a cuestionar as ferramentas tradicionais que empregan os educadores e os museos no traballo de achegamento á arte.

Nesta procura seguiremos traballando.

Máis información

Cristina Trigo

Servizo de actividades e proxectos educativos do CGAC

cgac.actividades@xunta.es

www.cgac.org

